



1/6.000

Lugo, 4 de agosto de 2016.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTA-ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNO DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN. (Decreto número 16005312), Ana M<sup>a</sup> González Abelleira VICESECRETARIA ACCTAL, Carmen Flores Pardo

R. 2433

### Anuncio

Comunícase que por Decreto número 16006228 de data do 16/08/2016 asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Educación e Infraestruturas Urbanas en suplencia da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, procédese á **RECTIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 16005987 DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS RELATIVA Á CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2016 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO. (EXP. REF. 32-2016).**

Así pois por medio deste novo anuncio **modifícanse determinadas prescricións técnicas que rexerán esta contratación** e polo tanto ábrese un novo prazo de presentación de proposicións, sendo igualmente o prazo de quince días naturais a contar a partir da publicación deste novo anuncio no BOP.

**Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

**Gastos do anuncio:** 28,21 euros que serán por conta do Concello de Lugo.

Lugo, 17 de agosto de 2016.- A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES EN SUPLENCIA DA A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Miguel Fernández Méndez

R. 2515

---

## VIVEIRO

### *Anuncio*

Por medio da presente expone ó público, para a presentación de reclamacións e suxerencias, por prazo de trinta días hábiles a Ordenanza de protección de datos de carácter persoal do Concello de Viveiro, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en data 13 de xullo de 2016. As reclamacións e suxerencias presentadas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación, aprobándose definitivamente a ordenanza. No suposto de non haber reclamacións ou suxerencias elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación.

En Viveiro, a 9 de agosto de 2016.- O ALCALDE EN FUNCÍONS, Jesús Fernández Cal

R. 2488

---

### *Anuncio*

Por medio da presente expone ó público, para a presentación de reclamacións e suxerencias, por prazo de trinta días hábiles a Ordenanza de administración electrónica do Concello de Viveiro, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en data 13 de xullo de 2016. As reclamacións e suxerencias presentadas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación, aprobándose definitivamente a ordenanza. No suposto de non haber reclamacións ou suxerencias elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación.

En Viveiro, a 9 de agosto de 2016.- O ALCALDE EN FUNCÍONS, Jesús Fernández Cal

R. 2489

---

## XOVE

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 3 de agosto, aprobouse inicialmente o Padrón da Taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga, no que se inclúe o canon de auga, e pola recollida de lixo domiciliar correspondente ó primeiro trimestre de 2016.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago, que dispoñen de un prazo de quince días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poda ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo si, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico - administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

#### PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 04 de agosto ata 03 de outubro de 2016.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.